

Resolución Reitoral pola que se convoca bolsa de formación en Educación Ambiental (Green Campus) dirixida ao estudantado da Universidade de Vigo para o curso 2023/2024

O estudantado da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 64.h dos Estatutos da Universidade de Vigo, ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a Universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas.

A Universidade de Vigo, de acordo co disposto no artigo 72 dos Estatutos, poderá ofrecerlle ao alumnado bolsas de formación para desenvolver actividades que contribúan á súa formación integral.

Vista a *Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan *Lei orgánica 2/2023*, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade

ESTA REITORÍA RESOLVE

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, **1** bolsa de formación complementaria en Educación Ambiental (Green Campus) para o campus de Pontevedra que se xestionarán de acordo coas bases reguladoras que figuran no Anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e no [portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte a publicarse, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de se publicar a presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 31/10/2023 (DOG 10/11/2023)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade,

Natalia Caparrini Marín

CAPARRINI MARIN
NATALIA -
07495097H

Firmado digitalmente por
CAPARRINI MARIN NATALIA -
07495097H
Fecha: 2023.12.27 11:15:34
+01'00'



ANEXO I

BASES DA CONVOCATORIA DE BOLSA DE FORMACIÓN EN EDUCACIÓN AMBIENTAL
(GREEN CAMPUS)

1. OBXECTO

O obxecto da bolsa é fomentar unha mellor formación teórica e práctica do estudantado, colaborando, en réxime de compatibilidade cos seus estudos, en actividades vinculadas á titulación na que se matricula.

Convócase 1 bolsa no Campus de Pontevedra.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Pode solicitar a bolsa o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

- Posuír nacionalidade española, dalgún outro país da Unión Europea, ou de países non comunitarios acreditando a condición de residente en España a 31 de decembro de 2022 (non é suficiente o permiso de estadía por estudos).
- Estar matriculado/a no curso 2023/2024 no Grao en Enxeñaría Forestal.
- Ter superado o 50% dos créditos da titulación do Grao. O último día de presentación das solicitudes será o que se teña en conta aos efectos de determinar a superación destes créditos.
- Non ter gozado con anterioridade dunha bolsa de formación da Universidade de Vigo durante máis de **doce meses**, de forma consecutiva ou descontinua. O cómputo do tempo farase de data a data.

Non poderán ter a condición de beneficiario as persoas nas que concorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*.

3. PLAN FORMATIVO

A) Obxectivos:

- Poñer en práctica coñecementos adquiridos durante os estudos e desenvolver capacidades creativas e estratéxicas relacionadas coa educación ambiental.
- Desenvolver competencias e habilidades relacionadas con tarefas de conservación da natureza.

B) Competencias e habilidades a adquirir:

- Busca de documentación gráfica e realización de esbozos e planos vectoriais, para o seu posterior tratamento, ben sexa en soporte papel ou dixital, ou para incorporar a Sistemas de Información Xeográfica.
- Localización, catalogación e fotografado de especies arbóreas e de caixas niño.
- Busca de información e documentación sobre especies de fauna e flora existentes no Campus e arredores.



- Fabricación de letreiros coa denominación técnica e de uso común de especies arbóreas, xa sexa en soporte papel ou en madeira, mediante técnicas diversas de gravado, e a súa posterior colocación.
- Redacción de publicacións.
- Realización de campañas institucionais relativas ao medio ambiente.
- Organización e mantemento dunha xiloteca da E.E. Forestal, coa catalogación e exposición das pezas, e realización de unidades didácticas.
- Busca de localización, deseño, posta en marcha e mantenza dunha horta ecolóxica.

c) Titor/a responsable:

O/a bolseiro/a estará baixo a titoría de Luis Torres Vázquez, director de Área adxunto á Vicerreitoría do Campus de Pontevedra, quen se responsabiliza da formación impartida, do desempeño da actividade de colaboración e da orientación no desenvolvemento do plan formativo.

d) Seguimento e avaliación da formación:

O/a bolseiro/a deberá entregar á persoa titora unha memoria trimestral das actividades realizadas e unha memoria final de acordo co establecido no punto 10 desta convocatoria. Así mesmo deberá cubrir ao final do período formativo un cuestionario de satisfacción co programa realizado.

4. INCOMPATIBILIDADES

Esta bolsa de formación complementaria é incompatible con calquera relación laboral ou administrativa pola que se perciban retribucións a cargo dalgúna entidade pública ou privada. Así mesmo, é incompatible coa prestación ou subsidio por desemprego.

Támén será incompatible con calquera outra bolsa de formación complementaria convocada por calquera entidade pública ou privada para o mesmo período, e entre elas coa bolsa de colaboración cos departamentos universitarios do MEFP.

5. DURACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PERÍODO FORMATIVO

1. A duración máxima do período formativo será de 5 meses. Non se iniciará antes do **1 de marzo** de 2024 e finalizará o **31 de xullo** 2024.
2. O número de horas de colaboración da bolsa será de **20 horas semanais**. Realizaranse tendo en conta os períodos lectivos e non lectivos do curso académico e a carga lectiva do/da bolseiro/a, quen poderá distribuír e compensar ata un 20% das horas de dedicación dun mes entre distintas semanas dentro do mesmo mes.
3. O desfrute da bolsa suporá a aceptación do previsto no *Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participan en programas de formación*.
4. As persoas bolseiras non adquiren ningunha relación contractual, administrativa ou estatutaria coa Universidade de Vigo. A bolsa non supón ningún compromiso de cara á posterior incorporación do bolseiro ou bolseira aos cadros de persoal da Universidade.
5. O período de prestación destas bolsas poderá ser obxecto de recoñecemento de créditos en virtude do disposto na Universidade de Vigo.

6. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a esta bolsa ascenden a un máximo de 2.690,45 (a expensas dos posibles incrementos da cota patronal que se podan producir ao longo do período de execución da bolsa),



por conta da aplicación orzamentaria 2024 0000 121D 482.11 (2.400,00 € pola dotación bruta das bolsas e de 290,45€ en concepto de cota patronal). Por tratarse dun expediente de tramitación anticipada a contía total máxima ten carácter estimado, polo que a concesión das bolsas queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento en que se produza a resolución de concesión.

2. A contía individual será como máximo de 480 €/mes. Estará suxeita á retención do IRPF e ás obrigas de cotización á Seguridade Social (cota obreira) que estableza a normativa vixente nestas materias.

3. O pagamento realizarase por meses vencidos mediante unha transferencia á conta bancaria que sinala o/a alumno/a na súa solicitude e da que deberá ser titular. No caso de que non chegase a completarse o período da bolsa só será aboada a contía proporcional de bolsa correspondente ao período realizado, sempre e cando este sexa superior a 15 días; no caso contrario non se percibirá contía algunha.

Se a actividade desenvolva pola/o bolsa/o en cada mes non se corresponde coas condicións fixadas nesta convocatoria, a persoa titora deberá emitir un informe no cal constará a actividade realizada e achegarao á Sección de Axudas e Bolsas antes do día 25 do mes en curso, co fin de adecuar o pago á actividade real realizada nese mes. No caso de non ter realizado ningunha das horas de dedicación nunha semana deberá notificalo inmediatamente á Sección de Axudas e Bolsas.

7. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As persoas solicitantes deberán empregar o **formulario en liña** no seguinte enlace https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/12559

descargalo e presentalo na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) a través da Instancia Xenérica (SXER) existente na sede, poñendo no **Asunto** “bolsa de formación Green Campus” e achegará unicamente o arquivo coa solicitude.

Para a presentación electrónica deste procedemento, a sede electrónica da Universidade de Vigo dispón de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polas persoas solicitantes https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-06/Guia_rexistro_instancia_xenerica_gl.docx.pdf. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de presentación dos formularios, poderán dirixirse ao enderezo electrónico sede@uvigo.gal

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para as persoas interesadas neste procedemento (art. 66.6 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, se lle requirirá para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que foi realizada a emenda, de acordo ao artigo 68.4 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

De xeito excepcional para este procedemento, unicamente as persoas de **nacionalidade extracomunitaria**, poderán usar medios de acceso á sede electrónica alternativos, para o cal deberán iniciar o procedemento enviando un correo electrónico a estranxeiros@uvigo.gal antes de presentar a súa solicitude e con antelación suficiente ao día de peche do prazo de presentación.

2. O prazo de presentación das solicitudes comeza o día seguinte de publicarse esta convocatoria e remata o 19 de xaneiro de 2024 ás 23:59 horas (hora peninsular española).
3. Xunto coa solicitude deberán subir a seguinte documentación ao formulario en liña (non hai que



subir a documentación a sede electrónica) :

- Certificación académica dos estudos realizados no caso de que se realizaran nunha universidade distinta á de Vigo

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que sexa necesaria para a correcta avaliación de requisitos e méritos alegados.

8. SELECCIÓN e RESOLUCIÓN

1. A Sección de Axudas e Bolsas, logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, sinalando os motivos de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, a falta de documentación e as causas de exclusión. Para tal fin deberán empregar o formulario de alegacións existente na Secretaría Virtual. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á Lei 39/2015 de 1 de outubro.

2. Unha vez revisadas as alegacións, a selección será efectuada pola comisión de avaliación de acordo cos seguintes criterios:

- a) Nota media do expediente académico calculada segundo o disposto no protocolo do Sistema Universitario Galego establecido na *Resolución de 15 de setembro de 2011 (DOG do 30 de setembro)*: **ata 3 puntos**.
- b) Nota media das materias superadas directamente vinculadas co plan formativo e que se sinalan no Anexo II e ou outras similares superadas noutra universidade : **ata 5 puntos**.

Nota media exp.vinculado.= $\frac{\sum(\text{Cualificación} \times \text{N}^\circ \text{créditos/materia})}{\text{N}^\circ \text{créditos totais}} + 0,11 \times \text{número materias superadas}$

Nº créditos totais

- c) O estudantado que estea cursando como mínimo dúas materias vinculadas das materias do Anexo II: **1 punto**.
- d) O estudantado que teña concedida no curso 2022/2023 unha bolsa de carácter xeral do MEFP ou Axudas ao estudo propias da UVigo: **1 punto**.

No caso de que o número de persoas admitidas sexa inferior ao de premios ofertados aplicárase o procedemento abreviado establecido no artigo 22 da *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

3. A Comisión de avaliación está composta por:

- Presidenta: Eva María Lantarón Caeiro, vicerreitora do Campus de Pontevedra
- Vogais: Luis Torres Vázquez, director da Área adxunta á Vicerreitoría do Campus de Pontevedra

Juan Picos Martín, director da Escola de Enxeñería Forestal do Campus de Pontevedra

Miguel Ángel Cabañas Díaz, secretario da vicerreitora do Campus de Pontevedra

Se, por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún/algúnha dos/das compoñentes non pode asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.

4. Unha vez que a comisión efectúe a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe**



provisoria de persoas con bolsa concedida, denegada coa mención da causa de denegación, e a **listaxe de agarda** coa puntuación para o caso de existiren renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **dez días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación. Para tal fin deberán empregar o **formulario de alegacións** existente na Secretaría Virtual.

5. Unha vez que a comisión revise as alegacións, enviaralle a proposta á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade quen adxudicará as bolsas mediante a correspondente resolución.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar unha resolución expresa no prazo de tres meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida e a súa contía, a listaxe de persoas con bolsa denegada e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses que comezará a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

6. As listaxes ás que se refire este punto así como a resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e no portal de bolsas da web da universidade, para producir os efectos da notificación de conformidade co artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais que resulten necesarias realizaranse ao enderezo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

9. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

O estudantado con bolsa concedida deberá entregar a través da sede electrónica (e enviar copia a bolsasformacion@uvigo.es) no prazo de tres días desde a publicación da resolución definitiva a seguinte documentación para os efectos da alta na Seguridade Social:

- Modelo TA2 (Seguridade Social)
- Modelo 145 (IRPF)

A non presentación da documentación necesaria entenderase como renuncia á bolsa previa resolución.

A persoa bolseira presentarse no lugar, día e hora que se indique na resolución de adxudicación.

A renuncia voluntaria unha vez iniciada a bolsa, deberá realizarse mediante o **formulario de renuncia** existente na secretaria virtual e presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/>, cun mínimo de 15 días de antelación á data en que se efectuará a renuncia. A renuncia dará lugar á perda dos dereitos económicos correspondentes á parte da bolsa non realizada e á concesión da bolsa á seguinte persoa da listaxe de agarda previa resolución.



10. OBRIGAS

Son obrigas das persoas bolseiras:

- Realizar, baixo a supervisión do titor/a, a actividade formativa e o plan formativo conforme ao establecido na convocatoria.
- Estar matriculada na Universidade de Vigo durante todo o período de duración da bolsa.
- Presentar na Sección de Bolsas e Axudas ao Estudo, dentro do mes seguinte á finalización da bolsa, unha memoria final das actividades realizadas durante todo o período da bolsa. Esta memoria debe estar informada favorablemente pola persoa titora.

Ademais a persoa beneficiaria debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que lle sexan de aplicación.*

11. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e perda do dereito de cobro destas bolsas:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas, está obrigada a reintegrarlle á universidade a cantidade indebidamente percibida.

12. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que se puidesen impoñer, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrarlle á Universidade de Vigo, logo do requirimento, toda a información necesaria para cumprir por aquela as obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente vulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

13. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en:

<https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf>



ANEXO II
MATERIAS VINCULADAS

CODIGO	MATERIA
G370101	Expresión gráfica: Expresión gráfica e cartografía
G370104	Fundamentos de economía de empresa
G370201	Biología: Biología vexetal
G370301	Matemáticas: Estadística
G370302	Edafoloxía
G370303	Botánica
G370304	Electrotecnia e electrificación rural
G370305	Zooloxía e entomoloxía forestal
G370401	Silvicultura
G370402	Ecología forestal
G370403	Topografía, teledetección e sistemas de información xeográfica
G370404	Hidráulica
G370501	Construcións forestais
G370502	Maquinaria forestal
G370503	Proxectos
G370504	Impacto ambiental
G370505	Lexislación e certificación forestal
G370601	Aproveitamentos forestais
G370602	Dasometría
G370603	Repoboacións
G370606	Tecnoloxía da madeira
G370608	Xestión ambiental
G370701	Planificación física e ordenación territorial
G370705	Tecnoloxía do secado e conservación de madeiras
G370706	Industrias de primeira transformación da madeira
G370707	Organización industrial e procesos na industria da madeira
G370708	Innovación e desenvolvemento de produtos na industria da madeira
G370801	Xestión de espazos protexidos e biodiversidade

